

INDICE

1. COMUNICACIONES RECIBIDAS	3
2. DOCUMENTO DE CONSULTAS MEDIOAMBIENTALES	19



1. COMUNICACIONES REALIZADAS

En Enero de 2013 se redactó el Documento de Inicio de Evaluación de Impacto Ambiental; dado que el presente proyecto, correspondiente a la creación de una carretera de nuevo trazado; quedaría adscrito al supuesto integrado en el “Anejo I. Grupo 6. Epígrafe a del RDL 1/2008”, que señala:

Anejo I: Grupo 6: Construcción de autopistas y autovías, vías rápidas y carreteras convencionales de nuevo trazado.

Por lo que le resultaba de aplicación el apartado 1 del artículo 3º y deberá someterse al procedimiento de Evaluación de Impacto Ambiental, en la forma prevista por la “Sección 1.ª Evaluación de impacto ambiental de proyectos del anexo I” del RDL 1 /2008; que integra los artículos 5º a 15º de dicha norma.

En consecuencia se procedió, en acuerdo a lo señalado por el artículo 6º del RDL 1/2008, a solicitud de tramitación del procedimiento de Evaluación de Impacto Ambiental del Vial de Conexión CG-1.5 en Sampaio-Portobravo, para lo cual se ha redactado el “Documento Inicial del Proyecto” para el acompañamiento de la “Solicitud de Evaluación de Impacto Ambiental del Proyecto”; Documento Inicial cuyos contenidos se ajustan a lo señalado tanto por parte del artículo 6.1 del RDL 1/2008.

Las relación de las comunicaciones realizadas, y las fechas en las que se recibieron las respuestas, son las que se muestran en el siguiente cuadro.

ORGANISMO	RESPUESTA / FECHA
Concello de Noia	11/02/2013
Concello de Lousame	NO
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	11/07/2013
Instituto de Estudos do Territorio	21/03/2013
Deputación Provincial de A Coruña	NO
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	05/04/2013
Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación	15/04/2013
Demarcación de Carreteras del Estado. Augas de Galicia	19/03/2013
Greenpeace España	NO
Sociedade Galega de Ornitoloxía	NO
Sociedade Galega de Historia Natural	NO
Federación Ecoloxista Galega	NO

En el **Anejo nº 14 Estudio de Impacto Ambiental, subanejo nº8: consideración de resultados del proceso de consultas** se analizan las respuestas obtenidas de los distintos organismos consultados.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



PROYECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL
CONEXION CG 1.5 EN SAMPAIO - PORTO BRAVO
CLAVE: AC/12/031.01
ANEJO Nº 15: COORDINACION CON OTROS ORGANISMOS



AUGAS DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



PROYECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL
CONEXION CG 1.5 EN SAMPAIO - PORTO BRAVO
CLAVE: AC/12/031.01
ANEJO Nº 15: COORDINACION CON OTROS ORGANISMOS

OFICIO

2560 21.03.2013 10:21

Asunto: informe sobre a decisión de AIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/03/2013 09:09:13

ENTRADA 4503 / RX 226313





Achéganselle o informe do seguinte proxecto:

- Proxecto da conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo. Concellos de Lousame e Noia, clave 2013/0014

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2013

O subdirector xeral de Programación e Proxectos

Roberto Arias Sánchez



A/A. Carlos Calzadilla Bouzón
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
Secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - CMAT
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Informe en relación á decisión de avaliación de impacto ambiental do proxecto da conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo. Concellos de Lousame, e Noia, clave 2013/0014.

Solicitante: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

1 Antecedentes e descrición xeral das actuacións proxectadas

O proxecto de referencia atópase incluído no Anexo I do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, polo que debe ser sometido a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental. É competencia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidir, en cumprimento do establecido nos artigos 7 e 8 do citado RDL, determinar a amplitude e o nivel de detalle do Estudo de Impacto Ambiental que debe incluír o proxecto referido.

Neste contexto solicita, no ámbito competencial de Augas de Galicia, informe respecto do alcance e contidos específicos que debería incluír o Estudo de Impacto Ambiental que se realice, sinalando o tipo de detalle de información ambiental necesaria.

O documento obxecto de informe é o titulado "Documento de Inicio para consultas Ambientales_"Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo, (A Coruña), datado en setembro de 2013.

A actuación obxecto localízase nos concellos de Noia e Lousame, o vial de conexión mellorará a conexión da rede viaria do concello de Lousame dende a súa capital coa rede viaria de maior capacidade no concello de Noia. Basicamente o proxecto componse de tres elementos, as conexións co viario da zona, un viaduto sobre o río San Xusto e un eixo de novo trazado a través de terreo forestal.

2 Obxecto

O obxecto deste informe é considerar as posibles afeccións ao medio hídrico, en relación coa planificación hidrolóxica das cuncas intracomunitarias de Galicia-Costa do proxecto citado.

3 Sobre a planificación hidrolóxica

Actualmente, a documentación básica de planificación hidrolóxica particularizada para Galicia-Costa está constituída polo Plan Hidrolóxico Galicia Costa, aprobado por Real Decreto 1332/2012, de 14 de setembro e que contén información detallada das concas de Galicia-Costa. O PHGC pódese descargar na páxina web www.planhidrologicogc.com

3.1 Rede Hidrolóxica

A localización do proxecto de referencia encádrase dentro do ámbito competencial do vixente PHGC, ao atoparse os concellos afectados na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa xestionada por Augas de Galicia.

En referencia á clasificación hidrolóxica, a área estudada pertence ao Sistemas de Explotación Río Tambre e Ría de Muros, concretamente á unidade de coñecemento R 14-03, *Noia*.

Do estudo da documentación achegada, enténdese que se proxectan actuacións que poderían afectar aos leitos ou ás súas zonas de servidume e policía. Ademais e pola súa proximidade, o proxecto pode producir afeccións aos seguintes ríos codificados polo PHGC (área de aportación >1km²):

Código PHGC	Nome do río
208	RIO VILACOBIA OU RIO MANLLE
208006	RIO SAN XUSTO
208005	RIO PESQUEIRA OU REGO DE RABACEIROS

Indicar tal e como se reflicte no plano que se se anexa que a Alternativa 2, que ademais de cruzar o río Vilacoba tamén cruza un río non codificado polo PHGC.

Sinalar que en todos os ríos codificados, así como en calquera outro curso fluvial de menor entidade que discorra pola zona, serán de aplicación todas as prescricións establecidas na normativa e na lexislación de augas, así como no PHGC e, en particular, as que se refiren ao Dominio Público Hidráulico.

Ademais resulta convinte a identificación das posibles surxencias de auga ou mananciais existentes, para poder minimizar a afección que a actuación poida producir.

As masas de auga definidas segundo os criterios da Directiva Marco da Auga -DMA-, existentes na zona de actuación aparecen reflectidas no plano que se anexa.

3.2 Zonas inundables

Dentro dos traballos de implantación da Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión de riscos de inundación, Augas de Galicia identificou unha serie de zonas como Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) en Galicia Costa <http://augasdeg Galicia.xunta.es/gl/Directiva200760CE.html>, das que se desenvolverán uns estudos de detalle para a definición de mapas de perigosidade e de risco. Destacar que o trazado do proxecto non afecta pero está próximo á zona considerada coma Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs):

Código ARPSI	Nome
ES014-CO-06-01-12	RIO VILACOBIA OU RIO MANLLE

3.3 Zonas protexidas

A zona da actuación pode afectar a algunha das zonas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, no que se inclúen todas as zonas que fosen declaradas obxecto dunha protección especial en virtude de convenios ou normativas sectoriais ou que foron designadas especificamente polo PHGC.

No anexo nº I, xuntase un plano dos espazos protexidos que se poden ver afectados pola actuación proposta:

- Zonas protexidas designadas polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa:
 - o Zonas de captación de augas potable para consumo humano ($>10 \text{ m}^3/\text{día}$ o >50 persoas):

Código	Nome	Tipo
ES014ZCCM000000998	PORTOBRAVO	Subterránea
ES014ZCCM000002093	OUSOÑO	Subterránea

4 Afeccións previsibles

As principais afeccións previsibles está na posible incorporación de sólidos en suspensión e materias contaminantes á rede hidrográfica, a afección a captacións de augas potables, a existencia de posible afeccións superficiais sobre o Dominio Público Hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.

En cumprimento das prescricións establecidas no texto refundido da Lei de augas e no Regulamento do dominio público hidráulico deberanse respectar, como unha situación de mínimos e especialmente durante a reordenación da rede viaria naqueles viais que puidesen afectar aos cauces, nas marxes de todos os ríos e leitos que discorren polo zona, en toda a súa extensión lonxitudinal, a zona de servidume de 5m de ancho e a zona de policía de 100m, considerándose as limitacións e autorizacións ou permisos necesarios para a execución das obras ou outro tipo de actuacións segundo a lexislación de augas.

Na documentación achegada aparece a rede hidrolóxica da zona afectada polo proxecto. Non entanto, deberán definirse claramente nun plano as zonas de servidume e policía da mesma, de cara as posibles limitacións de uso que se poidan establecer. Deberá lembrarse en todo caso, que as zonas de protección de ríos, comezarán a considerarse a partir do nivel alcanzado pola máxima crecida ordinaria.

Con carácter xeral para o deseño de pontes e viaductos non se permitirá a afección no propio leito, excepto demostración de inviabilidade técnica alternativa. Para lonxitudes de menos de 25 m de luz propónse un só vano e para luces maiores o vano de luz maior superará os 30 m e deberá estar situado no centro en tramos rectos e en tramos curvos no exterior da curva. En todo caso deberán respectarse as prescricións establecidas nos artigos 42 e 43 da normativa do PHGC.

Como se comentou con anterioridade, tamén é previsible afección á calidade das augas por accións directas e indirectas asociadas á execución do proxecto, polo que entendemos necesaria a definición precisa e en detalle das medidas que se propoñen para asegurar a mínima afección, así como un adecuado programa de control e vixilancia.


5 Normativa aplicable

Na actuación que se pretende realizar teranse en conta aquelas especificacións que establece a normativa vixente en materia de augas e, en especial:

- Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo RDL 1/2001, do 20 de xullo
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo RD 849/1986, do 11 de abril e modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio e polo RD 9/2008, do 11 de xaneiro
- Plan hidrolóxico de Galicia-Costa -PHGC- aprobado polo Real Decreto 1332/2012, de 14 de setembro
- Directiva 2000/60/CE -DMA-, trasposta á lexislación española a través da Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas e de orde social, mediante o seu artigo 129, que modificou determinados aspectos do texto refundido da Lei de augas.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2013.

A xefa do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica


Belén Quinteiro Seoane



CONCELLO DE NOIA





CONCELLO DE NOIA



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)
Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente
Territorio e Infraestruturas
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela



ASUNTO: Solicitud de información en relación a decisión de avaliación de impacto ambiental
PROXECTO: Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo
EMPRAZAMENTO: Concellos de Lousame e Noia (A Coruña)
PROMOTOR: Axencia Galega de Infraestruturas
CLAVE: 2013/0014

En contestación ao asunto de referencia, achégase a documentación que se relaciona:


- 1.- Informe emitido polos servizos técnicos municipais
- 2.- Copia do Plano das NN.SS.
- 3.- Copia do Plano POL

Todo iso aos efectos que considere oportunos.

Noia, 11 de marzo de 2013
O concelleiro delegado



Asdo. Bieito González Domínguez





(14/03/13)
3.950
2013/0014

José Ventura Fernández Sarasquete, técnico municipal do Concello de Noia en relación ao proxecto de trazado e avaliación do impacto ambiental da conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo. (A Coruña).

INFORMA:

Antecedentes

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras contrata a asistencia técnica para a redacción do "Documento de inicio para o proxecto de trazado e impacto ambiental da Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo á empresa Ingeniería del Noroeste, SL.

En data 22 de febreiro de 2013 ten entrada no Concello de Noia o citado documento en solicitude de informe no prazo dun mes.

Normativa de aplicación.

Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da lei de avaliación de impacto ambiental

Contido do documento.

O proxecto pretende a conexión do núcleo de Portobravo coas estradas AC-311 e AC-543 atravesando o río San Xusto e utilizando parcialmente o trazado da estrada CP-5702 de acceso á Igrexa de Santa María de Roo.

A obra supón unha mellora sustancial da conexión do Concello de Lousame con Noia e Santiago. Actualmente a conexión faise a través da estrada AC-308 de Noia a Padrón cun trazado tortuoso.

O proxecto informativo contempla dúas alternativas de trazado:

A alternativa 1 parte da estrada AC-308 no núcleo de Portobravo e discorre cara o norte atravesando o río San Xusto, ata a estrada AC-311 no lugar da Fialla e seguindo o trazado da estrada CP 5702 enlaza coa variante AC-543. Ten un percorrido próximo a 1 kilómetro

A alternativa 2 parte da zona oeste do núcleo de Portobravo continuando unha pista da parcelaria atravesa o río San Xusto e discorre paralelo a este ata a estrada AC-311 no lugar da Fialla donde continúa co trazado da alternativa 1 ata a estrada AC-543. Ten un percorrido de 1,6 kilómetros.

Análise do trazado das alternativas relativo ao Concello de Noia.

No relativo á afección das alternativas ao territorio do Concello de Noia a alternativa 1 ten un percorrido de 500 metros, na súa meirante parte por solo clasificado como rústico con protección forestal.

A alternativa 2 cun maior percorrido de 1300 m discorre por solo clasificado como urbano extensivo, afectando a vivendas situadas nas proximidades da ponte de Portobravo e no lugar da Fialla e como solo rústico con proteccións forestal e de cultivos. Adxúntase plano da normativa vixente coas dúas alternativas sinaladas.

En relación ao Plan de protección do litoral a alternativa 2 afecta ao corredor ecolóxico do río Traba mentras que a alternativa 1 sitúase fora da influencia do plan do litoral. Adxúntase plano das dúas alternativas en relación o Plan do Litoral.

O encontro das dúas alternativas no lugar da Fialla prodúcese nunha zona edificada e sobre un viario da diputación que ten unha saída a estrada AC-311 nunha curva con escasa visibilidade.


Conclusións.


A alternativa número 2 ten un maior desenvolvemento cunha maior afección ambiental para conseguir o mesmo resultado que a alternativa número 1.

O encontro da novo vial no lugar da Fialla precisara dun estudo pormenorizado pola existencia de pouca visibilidade do actual viario.

Noia, 11 de febreiro do 2013.

J. Ventura Fernández Sarasquete
Arquitecto técnico municipal.







DX CONSERVACION NATUREZA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



PROYECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL
CONEXION CG 1.5 EN SAMPAIO - PORTOBRAVO
CLAVE: AC/12/031.01
ANEJO Nº 15: COORDINACION CON OTROS ORGANISMOS



AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
Edif. Administrativos – San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

ASUNTO: REMISIÓN DE INFORME.
PROXECTO: CONEXIÓN CG 1.5 EN SAMPAIO-PORTOBRAGO. Ac/12/031. 01
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DE LOUSAME E NOIA (A CORUÑA).
PROMOTOR: AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
CLAVE: 2013/0014

En data 11 de febreiro de 2013 ten entrada nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, remitido pola Axencia Galega de Infraestruturas o documento titulado: "Documento de Inicio para consultas Ambientales _ Conexión"CG 1.5 en Sampaio_Portobravo, (A Coruña)".

En data 20 de febreiro de 2013, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, co obxecto de determinar o alcance do estudo de impacto ambiental, realizou as consultas previas segundo o previsto no artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Impacto Ambiental de proxectos (BOE nº 23, do 26 de xaneiro de 2008).

En data 29 de abril de 2013, remitiuse o resultado das consultas realizadas por esta Secretaría Xeral.

Téndose recibido nesta Secretaría Xeral en data 28 de xuño de 2013 o informe da Dirección Xeral Conservación da Natureza, dáselle traslado co obxecto de que poidan realizar as actuacións que resulten oportunas no marco da avaliación de impacto ambiental, de conformidade co disposto no RDL 1/2008.

Exponse do anterior sen detrimento das autorizacións, permisos ou informes pertinentes para a realización da antedita actuación, así como do contido dos mesmos.

Nota: axúntase copia do informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2013

SUBDIRECTOR GENERAL DE EVALUACIÓN AMBIENTAL


Carlos Calzadilla Bouzón

JT

Clave: ES/CO/005/13
Expediente: 2013/0014

27 de xuño de 2013


NOTA INTERIOR

DE: DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

PARA: SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

ASUNTO:

Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto "CONEXIÓN CG 1.5 EN SAMPAIO-PORTOBRAGO" situado en LOUSAME - NOIA - A CORUÑA, de acordo coa súa solicitude.



Ricardo García-Borregón Millán

2494

JT/

ASUNTO	INFORME SOBRE DOCUMENTO DE INICIO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL		CLAVE	ES-CO-005-13
PROXECTO	CONEXIÓN CG 1.5 EN SAMPAIO - PORTOBRAVO			
ESPAZO NATURAL	Ningún			
CUNCA FLUVIAL	Río San Xusto			
CONCELLO	Noia e Lousame	PROVINCIA	A Coruña	
ORGANISMO SOLICITANTE	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	Ref.:	2013/0014	
PROMOTOR	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Axencia Galega de Infraestruturas	Ref.:	AC/12/031.01	

Antecedentes

O presente informe emítese a solicitude da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no marco da fase inicial do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.

A documentación presentada consta de:

- Proxecto de Trazado e Impacto Ambiental da Conexión CG 1.5 en Sampaio - Portobravo. Documento de Inicio para Consultas Ambientais. (Exemplar en soporte informático). Xaneiro, 2013.

Resumo de actuacións

O proxecto sitúase entre os concellos de Noia e Lousame (A Coruña), preto do río San Xusto, sendo o obxecto do viario a mellora da conectividade da rede viaria do Concello de Lousame dende a súa capital coa rede viaria de maior capacidade no Concello de Noia.

Así, o proxecto componse de tres elementos, as conexións co viario da zona, un viaduto sobre o río San Xusto e un eixo de novo trazado disposto sobre terreos forestais.

Estudáronse dúas alternativas, sendo as principais diferenzas entre elas a súa situación e o número de viarios que conectan entre si.

A alternativa nº 1 non chega ao quilómetro de lonxitude e parte da AC.-301 ao Norleste do núcleo de Portobravo e discorre cara o Norte para conectar coa AC-543 en A Fialla.

A segunda alternativa rolda os 1.600 metros de lonxitude e parte do Noroeste de Portobravo e pasa ao Sur do núcleo de A Fialla para unirse no Leste do núcleo coa AC-543.

Análise do proxecto

Analizada a zona de actuación, obsérvase que o desenvolvemento do proxecto non supón afeccións directas sobre ningún espazo natural, sendo o máis próximo o espazo natural protexido (LIC) “Esteiro do Tambre”, declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC Código: ES1110011) en base á Decisión 2004/813/CE da Comisión de 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica. A citada lista encóntrase actualizada mediante a Decisión de Execución da Comisión de 16 de novembro de 2012 (2013/26/UE).

Por outro lado, este espazo tamén está declarado “Zona de Especial Protección dos Valores Naturais” mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia (na actualidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

Engadir que se procedeu a revisar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG nº 1, do 3 de xaneiro de 2012), actualmente en tramitación, apreciándose que a súa consideración non supón cambios respecto do sinalado, ao non prever ampliacións ou novos espazos na zona do proxecto.

Pese a que a distancia entre o proxecto e o espazo natural supera os dous quilómetros, non debe desbotarse o feito de que durante a execución das obras se produzan afeccións sobre a rede fluvial da zona debido aos arrastres de terras e finos, arrastres que poderían alcanzar o LIC “Esteiro do Tambre” polo que se deberán de adoptar as medidas apropiadas para evitar esta posible afección.

Respecto da rede fluvial existente no ámbito de desenvolvemento do proxecto, esta correspóndese co río San Xusto e o seu afluente o rego Longueira, sistema que desemboca na ría de Muros e Noia, á altura da poboación de Noia. O proxecto supón o cruzamento do primeiro, para o que se proxecta un viaduto de lonxitude aínda non precisada. Cabe sinalar que a rede fluvial sinalada presenta a correspondente vexetación de ribeira asociada, que en ocasións constitúe representacións do hábitat comunitario de carácter prioritario e código 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Por outra banda, revisado o Inventario de Humedais de Galicia (IHG), obsérvase que a proposta non afecta a ningún dos humedais recollidos en dito inventario.

En atención ao punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade relativo ás medidas necesarias para evitar a deterioración ou a contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, comprobouse, segundo a información do Inventario Nacional de Hábitats, que as actuacións poderían afectar directamente aos seguintes hábitats naturais de interese comunitario do Anexo I da Directiva 92/43/CEE:

- 4090: Brezais oromediterráneos endémicos con toxo.
- 6430: Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.
- 91E0*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*). Hábitat Prioritario.
- 9230: Robledais galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Singulares (actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011), comprobouse que non é presumible a afección sobre ningunha árbore ou formación incluída en dito Catálogo.

No que se refire á flora de interese inventariada na zona, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade, a cuadrícula de 10x10 onde se pretende executar o proxecto é o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto), coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción (V) Vulnerable	
FLORA	CGEA
<i>Woodwardia radicans</i>	V
<i>Dryopteris aemula</i>	V
<i>Dryopteris guanchica</i>	V

A este respecto, información máis detallada, como a proporcionada polo Atlas da Flora Vascular Ameazada de España (cuadrículas 1x1), non localiza ningunha especie de flora ameazada no ámbito da actuación.

En canto á fauna vertebrada, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade, a cuadrícula de 10x10 onde se pretende executar este proxecto, é o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto) coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción (V) Vulnerable (1) Poboación nidificante	
INVERTEBRADOS	
<i>Elona quimperiana</i>	E
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
<i>Echinus esculentus</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V

AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Vanellus vanellus</i>	E (1)
<i>Gallinago gallinago</i>	E (1)
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Scolopax rusticola</i>	V (1)
MAMÍFEROS	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Rhinolophus euryale</i>	V
<i>Myotis emarginata</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V

Ademais, comentar que segundo o Plan de Recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*) en Galicia; aprobado mediante Decreto 70/2013, do 25 de abril (DOG nº 90, do 13/05/13); o ámbito do proxecto non está afectado pola súa zonificación. Por outra banda, segundo o Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 75/2013, do 10 de maio (DOG Nº 102, do 30/05/2013), o ámbito do proxecto encóntrase dentro da seguinte zonificación.

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Emberiza schoeniclus</i> L.subsp. lusitanica Steinbacher	En Peligro	Área Potencial

Así mesmo, segundo as propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando no Servizo de Conservación da Biodiversidade desta Dirección Xeral, comprobouse que o ámbito do proxecto está afectado pola seguinte zonificación:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Morcegos Cavernícolas</i>	Vulnerable	Área Prioritaria

Conclusións

Atendendo a súa consulta, en base á información dispoñible nestas dependencias e á información achegada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no marco das súas competencias, non ten nada que obxectar ao contido do documento, a condición de que se respecten as recomendacións que, no seu momento, se remitirán desde este organismo e tendo en conta o seguinte:

- o Dado que en calquera caso as actuacións no ámbito da rede fluvial interceptada polo trazado, suporán risco de alteración da calidade das augas, así como dos valores ambientais e recursos a elas vinculados, estímase resulta de especial importancia a valoración precisa e fina destes aspectos, así como o deseño das oportunas e específicas medidas preventivas, de control e corrección da potencial incidencia, así como dos adecuados protocolos de seguimento e control das mesmas.
- o Igualmente e aínda que se relaciona co anterior, deberá integrarse valoración respecto de potenciais afeccións indirectas sobre os Espazos Naturais Protexidos e Humidais da contorna ligados ao medio litoral. Neste marco, proporase o deseño das oportunas e específicas medidas preventivas, de control e corrección da potencial incidencia, así como dos adecuados protocolos de seguimento e control das mesmas.
- o Así mesmo e en atención á Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, que declara de interese xeral a conservación do patrimonio natural fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia, e así mesmo, a Lei 7/1992, de 24 de xullo, de pesca fluvial que declara de interese xeral a conservación das formacións vexetais nas marxes dos ríos e regachos, estímase que se deben respectar aqueles cursos fluviais e a súa vexetación que sexan interceptados polo trazado previsto. En consecuencia, hai que resaltar que as estruturas máis respectuosas para as interseccións entre os trazados e sistemas fluviais son os viadutos e pontes xa que respectan o leito natural. Por este motivo, deberase primar o uso destas estruturas para que non se afecte nin aos leitos nin aos desprazamentos da fauna asociada. Ademais,

para protexer a vexetación que forma parte do ecosistema fluvial, deberase primar a colocación de estribos e pilas a máis de 5 metros de cada lado do leito, para facilitar o tránsito da fauna terrestre e anfibia, así como para permitir o paso de pescadores.

Neste marco, o deseño da estrutura de cruzamento sobre os canles principais terá en conta a altura media do arboredo de ribeira na zona, así como a súa composición florística e estado de conservación, todo iso co obxecto de evitar afeccións sobre o mesmo.

Por outra banda, no desenvolvemento do estudo ambiental do estudo informativo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Con carácter xeral estudarase a afección sobre os hábitats naturais de interese comunitario catalogados como tales segundo a Directiva 92/43/CEE, así como sobre calquera outro valor natural protexido, incluíndo especies da flora e fauna de interese especial presentes no territorio. Deberanse propor as medidas minimizadoras, protectoras e correctoras oportunas; así como os adecuados protocolos de verificación e control de impactos e medidas correctoras.
- No que se refire as especies da fauna antes citadas, con especial incidencia aos **quirópteros**, realizarase un inventario das súas zonas de alimentación e potenciais lugares de nidificación ou refuxio, valoraranse os impactos sobre as mesmas e, segundo proceda, se definirán as oportunas medidas de prevención, protección e corrección.
- O proceso de selección de alternativas primará a redución de afeccións sobre as comunidades vexetais ou hábitats de maior interese e sobre as especies catalogadas anteriormente sinaladas. Para iso, realizarase unha cartografía precisa das comunidades vexetais, describindo as comunidades existentes e cada unha das teselas que se definan, incluíndo a súa clasificación ou non como hábitats de interese comunitario, o seu estado de conservación e a adscripción que proceda en relación ás especies da fauna que as empreguen nalgunha parte do seu ciclo vital; segundo se deduxa do estudo citado no punto anterior.

- Para evitar a fragmentación dos hábitats, realizarase unha proposta de permeabilización da infraestrutura ao paso da fauna baseada no seguinte:
 - Estudo de Corredores Faunísticos baseado en traballo de campo específico.
 - Consideración na proposta da totalidade dos grupos de vertebrados identificados no ámbito do trazado.
 - Consideración da realidade actual da cuberta vexetal presente no entorno do trazado.
 - Resultados dun estudio respecto da incidencia do trazado sobre a conectividade actual do ámbito.
 - Información respecto a accidentalidade por atropelos no ámbito do tramo.
 - Axuste ao documento de Prescricións Técnicas para o Deseño de Pasos de Fauna e Valados Perimetrais. Ministerio de Medio Ambiente (2006); en acordo á información obtida dos estudos anteriores.
 - Reflexo en Planos de planta e detalles do conxunto de adaptacións da infraestrutura á fauna; incluíndo pasos específicos, pasos multifuncionais, adaptación de drenaxes transversais e lonxitudinais, cerramentos xerais e específicos, dispositivos de escape...; etc.
- Deberase estudar a incidencia acústica da infraestrutura sobre o medio, considerando especificamente este aspecto, así como o referente á intrusión lumínica na proposta de permeabilización da vía ao paso da fauna.
- Considerarase no deseño da infraestrutura a necesidade de evitar alteracións sobre as redes de escorrentía, para non influír nos ecosistemas naturais situados augas abaixo da infraestrutura. Neste marco, disporanse tantos pasos de auga como valgadas teña o terreo e dimensionaranse adecuadamente para evitar o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Estas estruturas deberán permitir o paso de fauna de pequeno tamaño (anfíbios, réptiles, micromamíferos).
- Preveranse zonas de provisión e préstamos. Os vertedoiros permanentes e temporais de terras e as instalacións auxiliares situaranse en zonas de mínima afección ecolóxica, paisaxística e de pouco interese natural.

- Estudar e prever a integración estética co medio do proxecto, diminuindo o impacto visual e paisaxístico. As superficies afectadas polas obras ou aquelas zonas que se pretendan repoboar, recuperaranse con especies autóctonas e locais da zona. Neste marco, hai que recordar a normativa de protección da paisaxe da comunidade autónoma (Lei 7/2008), que prevé a obrigatoriedade de realizar un estudo específico respecto da incidencia do proxecto sobre o mesmo, integrando as oportunas medidas minimizadoras e correctoras.

O presente informe emítese sobre a documentación aportada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos, debendo cumprir o establecido no Plan de Ordenación do Litoral (P.O.L.), nas Directrices de Ordenación do Territorio (D.O.T.) e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación deste proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2013

O Xefe do Servizo de Análise de Proxectos,
Planos e Programas



Javier Turrillo Montiel

Visto e Prace
O Subdirector Xeral de Espazos
Naturais e Biodiversidade



Rogelio Fernández Díaz

Oficina:

VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBL. E XUSTIZ
PRRU1601 - REXISTRO XERAL

Destinatario:

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
MT11Q000 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Remítense as seguintes solicitudes, escritos ou comunicacións presentados a través do Sistema Único de Rexistro nas oficinas indicadas na relación que se xunta, que van dirixidos a esa unidade administrativa.

Rexistro	Nº Rexistro	Data/Hora	Remitente/Asunto
REX. MEDIO AMBIENTE	8621 / RX 450092	15/07/2013 08:46:35	CMATI AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS / REMISION DE INFORME. CONEXION CG 1.5 EN SAMPAIO-PORTOBRAVO. LOUSAME DE NOIA (AC). 2013/0014

Ac/12/031.01

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS	
Santiago, 23 XULL. 2013	
Nº ENTRADA 3862	Nº SAÍDA —

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS		
Nº 5099	DATA: 23.07.13	
AREAS	ENTRADA	SAÍDA
PROXECTOS		✓
OPRAS		
REG. MATERIA		
CONVENCION		



DX PATRIMONIO





Documento: *Contestación á consulta sobre decisión de avaliación de impacto ambiental*

Proxecto: *Conexión CG 1.5 en Sampaio – Portobravo. Concellos de Lousame e Noia (A Coruña)*

Ámbito: *Concellos de Lousame e Noia (A Coruña)*

Promotor: *Dirección Xeral de Infraestruturas. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

Remitente: *Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

Expte. S.
Arqueoloxía: *03.A.146.2012.006*



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remite o Documento Ambiental da Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo (Lousame e Noia, A Coruña)

A referida documentación remítese en base ó establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos e no artigo 32 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, co fin de que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural se pronuncie ó respecto dos impactos que o proxecto pode causar sobre o patrimonio cultural, e decidir sobre a necesidade de someter ou non o proxecto ó procedemento de avaliación de impacto ambiental previsto na Sección 1ª do capítulo II da referida Lei 1/2008.

Á vista da referida documentación, dos datos que obran nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e do establecido na legislación vixente referida

INFORMO


El documento de referencia recolle, durante a tramitación do proxecto, a realización dunha prospección arqueolóxica da zona obxecto do proxecto, para avaliar as posibles afeccións que as obras poden xerar sobre o patrimonio cultural.

E necesario realizar un estudo específico co fin de valorar o impacto que as obras previstas poidan xerar sobre o patrimonio cultural existente, de acordo co establecido no referido R.D.L. 1/2008. Trátase dunha medida ditada ao amparo do artigo 32 da Lei 8/95, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Dito estudo incluírá os resultados dunha **prospección arqueolóxica** do ámbito do proxecto e unha banda de 200m tomada a cada lado do límite exterior da ocupación prevista, de tal forma que se poida contar cun coñecemento detallado dos elementos do patrimonio cultural existentes na zona e establecer as medidas protectoras e/ou correctoras necesarias para a protección do patrimonio, de acordo co establecido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Terase en conta ademais:

- Consulta dos catálogos das figuras de planeamento en vigor dos concellos afectados polo proxecto e dos arquivos existentes na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.
- Delimitación dos bens do patrimonio cultural, en base ó traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea, e no seu caso, en cartografía catastral.
- Dende o punto de vista do patrimonio arquitectónico e etnográfico, é necesaria a prospección exhaustiva da zona para identificación e localización dos bens recollidos nos catálogos existentes, así como daqueles outros de carácter etnográfico, que aínda que non estean recollidos en inventarios, sexan susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Neste sentido, ademais da Lei 8/1995, do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos (DOG nº 137, de 17 de xullo), declara como prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a conservación do patrimonio natural fluvial, que inclúe



o patrimonio etnográfico e histórico- cultural relacionado cos ríos galegos, establecendo a obriga, para as Administracións Públicas galegas, de garantir a súa protección, conservación e mellora.

• En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

• A actuación arqueolóxica levarase a cabo por técnicos arqueólogos, de acordo cun proxecto presentado polo promotor da obra e autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de acordo coa Lei 8/95, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e o Decreto 199/97, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

O referido estudo de avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural, xunto co programa de medidas protectoras e correctoras, terá que remitirse a esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para informe, co fin de establecer e adoptar as medidas oportunas.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

A directora Xeral do Patrimonio Cultural


María Carmen Martínez Insua

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas



MINISTERIO
DE FOMENTO

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 01/04/2013 10:47:46

ENTRADA 4792 / RX 240909



SECRETARIA DE
ESTADO
DE INFRAESTRUTURAS

DIRECCIÓN GENERAL
DE CARRETERAS

DEMARCACIÓN DE
CARRETERAS DEL
ESTADO EN GALICIA

O F I C I O

S/REF

N/REF AG/ch

FECHA 22-03-2013

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n

15781- SANTIAGO DE COMPOSTELA

002664 25/03/2013

Demarcación Carreteras Balboa

REGISTRO DE SALIDA


ASUNTO: Evaluación de Impacto Ambiental. Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo.
Clave: 2013/0014

En relación con el asunto de referencia se informa que no afecta a la Red de Carreteras del Estado.

EL INGENIERO JEFE,



Fdo: Angel González del Río



CORREO ELECTRÓNICO:
demarcacion.galicia@fomento.es

C/ANTONIO MACHADO, Nº 45
15071 A CORUÑA
TEL: 981 28 82 00
FAX: 981 29 07 00



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



PROYECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL
CONEXION CG 1.5 EN SAMPAIO - PORTOBRAGO
CLAVE: AC/12/031.01
ANEJO Nº 15: COORDINACION CON OTROS ORGANISMOS

DX SAUDE PUBLICA



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/05/2013 11:53:19

SAÍDA 5983 / RX 306007



AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Edif. Administrativos – San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

ASUNTO: REMISIÓN DE INFORME.

PROXECTO: CONEXIÓN CG 1.5 EN SAMPAIO-PORTOBRAGO.

EMPRAZAMENTO: CONCELLO DE LOUSAME E NOIA (A CORUÑA).

PROMOTOR: AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

CLAVE: 2013/0014

AC/12/031.01

En data 11 de febreiro de 2013 ten entrada nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, remitido pola Axencia Galega de Infraestruturas o documento titulado: "Documento de Inicio para consultas Ambientales _ Conexión"CG 1.5 en Sampaio_Portobravo, (A Coruña)".

En data 20 de febreiro de 2013, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, co obxecto de determinar o alcance do estudo de impacto ambiental, realizou as consultas previas segundo o previsto no artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Impacto Ambiental de proxectos (BOE nº 23, do 26 de xaneiro de 2008).

En data 29 de abril de 2013, remitiúselles ó resultado das consultas realizadas por esta Secretaría Xeral.

Téndose recibido nesta Secretaría Xeral en data 23 de abril de 2013 o informe da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, dáselle traslado co obxecto de que poidan realizar as actuacións que resulten oportunas no marco da avaliación de impacto ambiental, de conformidade co disposto no RDL 1/2008.

Exponse do anterior sen detrimento das autorizacións, permisos ou informes pertinentes para a realización da antedita actuación, así como do contido dos mesmos.

Nota: axúntase copia do informe da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2013

SUBDIRECTOR GENERAL DE EVALUACIÓN AMBIENTAL

Carlos Calzadilla Bouzón

Asunto	Consulta sobre decisión de avaliación de impacto ambiental
--------	--

Proxecto	Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo
Promotor	Axencia Galega de Infraestructuras
Emprazamento	Concellos de Lousame e Noia (A Coruña)
Núm. expediente	2013/0014

En relación ao seu escrito, con rexistro de saída número 2184/RX115324, sobre o asunto de referencia achégolle o informe técnico realizado de acordo coas nosas competencias aos efectos previstos no artigo no artigo 3 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 22/04/2013 11:43:32

ENTRADA 6015 / RX 311911



A directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública



Sonia Martínez Arca

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/04/2013 12:32:01


SAÍDA 9628 / RX 246896



SUBDIRECTOR XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



Informe	Consulta sobre decisión de avaliación de impacto ambiental
----------------	--

Proxecto	Conexión CG 1.5 en Sampaio-Portobravo
Promotor	Axencia Galega de Infraestructuras
Emprazamento	Concellos de Lousame e Noia (A Coruña)
Núm. expediente	2013/0014


En relación co proxecto de referencia, se ben identifícanse algúns impactos ambientais significativos, non se mencionan, nin se describen ou avalían con claridade os impactos sobre a saúde da poboación, nin as medidas protectoras e correctoras, nin as de vixilancia e control específicas en relación cos seguintes aspectos:

- Existencia no entorno ou emprazamento do proxecto:
 - De poboación xeral que puidera verse afectada
 - dalgún grupo especialmente vulnerable
 - dalgunha zona con recursos de alta calidade ou escasos que puideran verse afectados
- Existencia de emisións xeradas pola actividade que podan ter un impacto sobre a calidade sanitaria da zona (aire, solos, niveis sonoros, vibracións, luminosas, de temperatura, etc.).
- Sistema de abastecemento de auga de consumo humano que garante a calidade sanitaria da auga de consumo humano.
- Uso, almacenamento, transporte, manipulación ou produción de sustancias, produtos químicos e materiais que puideran ser, directamente ou indirectamente, prexudiciais para a saúde.
- Avaliación do risco de contaminación sobre o solo ou a auga debido ao escape de contaminantes sobre a terra ou as masas de auga superficiais, subterráneas ou mariñas xerados pola actividade.

- Contaminantes perigosos, tóxicos ou nocivos emitidos á atmosfera.
